

¡A PINGA QUE COLMOU O VASO!
¡Fóra os arribistas e os corruptos de CCOO!
¡Basta de paz social e desmobilización!
¡GAÑEMOS CCOO para os traballadores e traballadoras!

1. A fraude de 15,5 millóns de euros perpetrado por conselleiros e directivos de Caixa Madrid e Bankia coas "tarxetas opacas", é o último exemplo da corrupción que carcome o capitalismo español. As consecuencias da implicación de seis conselleiros de CCOO, que se apropiaron de case 800.000 euros en dez anos, son de tal envergadura que comprometen o futuro da nosa organización.

2. Aínda que a Comisión Executiva Confederal de CCOO aprobou unha resolución suspendendo cautelarmente de militancia aos seis representantes do sindicato en Bankia, non podemos esquecer as declaracións do secretario xeral de CCOO, *Ignacio Fernández Toxo*, nas que afirmaba non sentirse decepcionado polo até hai pouco membro da Executiva Confederal *Rodolfo Benito*, entendendo que non actuara "de forma ilegal nin en beneficio propio", e que a súa decisión de dimitir "hónralle".

3. En lugar de defender os intereses de miles de familias desafiuzadas e estafadas coas preferentes, os conselleiros do noso sindicato participaron no saqueo dunha caixa de aforros pública. Se o compañeiro Toxo considerou que non era un comportamento ilegal nin en beneficio propio, nós dicimos que foi unha utilización noxenta das siglas de CCOO e unha proba máis do profundo abismo que separa a moitos dirixentes do noso sindicato da dura realidade que constitúe o día a día da clase obreira.

4. É un insulto á intelixencia dos traballadores e dos afiliados de CCOO, que tanto *Toxo* como a Comisión Executiva Confederal pretendan alegar que descoñecían o que ocorría en Caja Madrid e en Bankia pois, desgraciadamente, trátase da práctica habitual coa que se conducen nas súas relacións cos bancos, cos gobernos central e autonómicos e a CEOE. A súa obsesión por actuar como "homes de Estado", arrástraos, inevitablemente, a compartir obxectivos comúns cos grandes poderes que teñen nas súas mans as rendas da sociedade, os partidos que se alternan no goberno, os banqueiros e os grandes empresarios. A cambio, reciben xenerosas subvencións do Estado e participan en decenas de consellos de administración.

5. Estes casos de corrupción na cúpula de CCOO son o froito inevitable da súa política de paz social e consensos, de desmobilización, de asinar acordos que nos fan perder dereitos e conquistas sociais. Para impoñer esta política pactista, foi necesario promover aos órganos de dirección a moitos elementos dereitistas e faltos de escrúpulos, como ocorreu co anterior secretario xeral *José María Fidalgo*, hoxe comodamente instalado na contorna do PP baixo o abrigo de *José María Aznar*, ou con *M^a Jesús Paredes*, ex secretaria xeral da federación de banca, cuxo marido, *Francisco Baquero Noriega*, foi conselleiro de CCOO en Bankia e gastou da tarxeta opaca ¡266.400 euros! Este proceso fíxose a costa de marxinar a moitos sindicalistas honestos ou, até, de poñelos aos pés dos cabalos nas súas empresas.

6. Como sindicalistas e afiliados que defendemos as tradicións combativas de CCOO, non podemos permanecer pasivos ante unha situación que pode acabar conducindo á destrución do noso propio sindicato. As dimisións ou suspensións de militancia dos *pillados nas patacas* son completamente insuficientes. Os máximos dirixentes

